



## RECOMENDACIÓNS DE TAREFAS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

---

**XUSTIFICACIÓN:** Dende a administración educativa propuxeron un conxunto de medidas para os 14 vindeiros días lectivos. Entre elas está a seguinte.

“O profesorado programará nas páxinas web dos centros ou por outros medios telemáticos, accesibles ao seu alumnado, actividades xenéricas relacionadas cos contidos curriculares para que o seu alumnado as poida realizar no seu domicilio, e fará o seu seguimento, pero non terán carácter de avaliáveis”.

No marco desta medida e atendendo ao carácter xenérico das actividades que debemos propoñer, o equipo de Educación Infantil considera necesario cumprir coa esixencia da seguinte maneira:

### 1. Tarefa relacionada co **PDI (Proxecto Documental Integrado)**.

As aportacións que Educación Infantil fará ao Proxecto de Centro “**Fálame que te escoito**” estarán relacionadas co “**XOGO**”

- trabalinguas
- xogos orais
- xogos de mans
- recitados de saltar á corda, de xogar á roda ...
- adiviñas
- sortes...

Polo que, como reto, propoñémosvos escoller algún dos mencionados e á volta traer elaborada unha **PEQUENA PRESENTACIÓN** (elexir algún e aprendelo, facer unha actividade plástica para representala...) para expoñer no grupo e engadila ao proxecto.

Podedes atopar máis recursos na páxina web <https://orellapendella.gal/>

Deixámosvos aquí algunhas referencias bibliográficas que quizáis teñades pola casa e poden resultar de axuda:

- MARUXA BARRIO E ENRIQUE HARGUINDEY. “Lerías e enredos para os mais pequenos”. Ed. Xerais.
- ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS. Pelogato 24. Pai Música.
- JESÚS DELSO SANZ, ANA M<sup>a</sup> FERNÁNDEZ MARTÍNEZ E OUTRAS. Dedín dedín de pequenequín(floklore infantil).Edicións do Castro.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP DE BAROUTA  
Equipo de Educación Infantil

Barouta, 11  
15229 – AMES  
T | 881867455  
ceip.barouta@edu.xunta.es



- FUXAN OS VENTOS.Noutrora.Fonomusic.1984.
  - CONCHA GARCÍA SÁNCHEZ E CELESTINO PÉREZ RECAREY. Para dicir e facer. Xunta de Galicia.
  - MANUEL RICO VEEA.Tantarantán, tarantán, tarantiña.Recitativos e outras lixas de tradición oral. Edición Fontel.
2. Reforzar e seguir traballando todos aqueles **HÁBITOS** que melloren a súa **AUTONOMÍA E DESENVOLVEMENTO**:
- **HIXIENE** todo o referido á hixiene e autocoidado persoal: control de esfínteres, lavarse as mans, cepillado de dentes, baño, peiteado...
  - **VESTIDO** todo que se refire ao uso (abotoar-desabotoar, abrir-pechar cremalleiras...), coidado da roupa e orde no roupeiro.
  - **COMIDA** relacionado coa conduta alimentaria (comer soas e sos, uso de distintos instrumentos, recoller ao rematar...)
  - **COLABORACIÓN EN TAREFAS DOMÉSTICAS**: cociñar (a cociña: o mellor laboratorio!), poñer/recoller a mesa, pregar roupa, poñer orde, barrer ou limpar... tarefas que apoiarán con entusiasmo e son verdadeiras fontes de aprendizaxe (clasificación, motricidade fina, vocabulario...)
  - **XOGAR E XOGAR**, tamén coa música (cantar, bailar, disfrazarse...), co corpo (disfraces, mímica, teatriños, xogos de relaxación e ioga...), coa palabra (imitación de sons, de animais, trabalinguas, rimas, adiviñas...)
  - **FALAR E ESCOITAR**: conversar, inventar historias xunt@s, contar contos, mirar e falar ollando imaxes de libros, do que ven nos medios, mirar fotografías familiares, o blog do cole...
  - **MANIPULAR E CREAR**: debuxar, amasar, facer crebacabezas, construír, transvasar líquidos, facer algún experimento, facer pulseiras e colares, decorar camisetas vellas, construír con caixas, algún instrumento, collage...
  - **XOGOS E EXPERIMENTOS** coa natureza da casa: plantar lentellas e outras sementes... tamén colaborar no coidado de plantas...
- Poden ir rexistrando as súas experiencias para contalas á volta escribindo (respetando sempre o seu estado neste aspecto ), debuxando,facendo fotos...
- E moi importante ... permitirlles facer as cousas cun ritmo persoal e**



**tranquilo.**

- 3. APROVEITAMENTO TRANQUILO DOS MOMENTOS EN FAMILIA,** vendo esta situación como unha oportunidade para estar, escoitar e desfrutar das nosas nenas e nenos.

Desexamos que estes difíciles momentos os levedes da mellor maneira posible e pronto volver a normalidade.

Se o precisades non dubides en poñervos en contacto connosco, estaremos ao voso servizo ademais das canles que utilizamos habitualmente por medio dos seguintes enderezos:

[mgcajuso@edu.xunta.es](mailto:mgcajuso@edu.xunta.es) (Monse)

[vitogarcia@edu.xunta.gal](mailto:vitogarcia@edu.xunta.gal) (Vito)

[ma.jesus.pena@edu.xunta.es](mailto:ma.jesus.pena@edu.xunta.es) (María)

[paulacasal@edu.xunta.es](mailto:paulacasal@edu.xunta.es) (Paula)

Non esquezades que o blog de infantil segue activo e é unha boa fonte de recursos <http://artellandonocole.blogspot.com/>

Ao longo destes días enviaremos enlaces, curtametraxes e páxinas que vaiamos atopando interesantes.

Sen máis recibide un cordial saúdo.

Equipo de Educación Infantil.